

Traballo1 Estatística

Primeira parte

Investiga que é o CIS. Consulta a súa páxina e, concretamente, o apartado adicado a Barómetros. Que é un barómetro?

Busca o barómetro de xuño de 2.015. Como verás, na páxina móstranse tanto a ficha técnica, como o cuestionario, xunto co resultado da enquisa.

Responde ás seguintes cuestións:

- 1.- Cal é a poboación obxecto de estudo?
- 2.- Cal é o tamaño da mostra?
- 3.- En cantas provincias se fixo o estudo? Cantas provincias ten o noso país?
- 4.- Fíxate na pregunta 9. Cales son as preferencias maioritarias dos españois e españolas no que se refire ao seu tempo libre?
- 5.- Fíxate agora na pregunta 20. Realiza un diagrama de barras ou de sectores, para representar a situación. Calcula o número de persoas que leron de 2 a 4 libros, de entre as entrevistadas, e o número de persoas que non contestan.

Segunda parte

I. Agora será o teu grupo quen elabore unha enquisa. Deberedes preguntar sobre:

- 1.- Número de libros lidos durante o 2.015.
- 2.- Número de horas diarias adicadas a facer deberes/estudo.
- 3.- Número de horas semanais adicadas a actividades extraescolares e cales son estas.
- 4.- Hábitos de almorzo: zume, froita, lácteos, pan...

Deberedes:

- Elaborar a enquisa: as preguntas, as posibles respostas, decidir se a resposta pode ser múltiple ou simple.
- Enviar a enquisa por correo electrónico ou mediante un enlace ao profesor ou profesora.
- Facerlle a enquisa a unha mostra aleatoria de 20 alumnos. Podedes facelo de xeito manual ou mediante unha conta de Google ca utilidade formularios.

II. Procesamento dos datos. Para cada pregunta crear a táboa de frecuencias, representar a frecuencia relativa, calcular a media e a desviación típica. Elaborar un informe onde presentedes o procesamento de datos e as conclusións.

Traballo2 Estatística

Baixa os datos recollidos na base de datos “Calculando Pi”

Tedes que dar os seguintes pasos.

1.- Na aula virtual accede á base de datos chamado Calculando Pi e realízade as 7 medicións pedidas.

2.- Dentro da base de datos selecciona a pestana Exportar e terás acceso a unha páxina onde podes descargar os datos en formato .odt (libre Office) ou no formato estándar csv (para outras follas de cálculo).

3.- Unha vez teñas descargados os datos realiza a división lonxitude entre diámetro. Calcula a media da división coa función PROMEDIO(datos) da folla de calculo.

4.- Cales son aproximadamente os erros absoluto e relativo, cometidos o tomar Pi como a media obtida?.